



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Xaneiro 2018

A CIG-Ensino lanza unha campaña nos 1.200 centros educativos galegos para esixir a restitución de dereitos do profesorado

A central sindical lembra que, malia as proclamas de recuperación económica das que tanto lles gusta alardear aos gobernos do PP, o colectivo docente non recuperou ningún dos dereitos que lles foron recortados nos últimos oito anos: baixada dos salarios nun 10% e perda do poder adquisitivo nun 23%, descontos por enfermarse, aumento da xornada lectiva e das taxas de alumnado por aula ou recortes na atención á diversidade.

Estatuto da Función Pública Docente

Entre as principais reclamacións está a creación dun **Estatuto da Función Pública Docente**, que debe responder a unha negociación real sobre as condicións laborais nas que desenvolve o seu traballo o persoal docente galego. Precisamente a campaña posta en marcha esta semana fai fincapé nas cuestións máis urxentes e prioritarias que teñen que formar parte desa negociación e que foron presentadas publicamente polo secretario nacional da CIG-Ensino, **Suso Bermello**, en Compostela. Bermello estivo acompañado dos responsábeis de Acción Sindical, Diego Boquete, Educación Primaria, Teresa Carballido e Educación Secundaria, Laura Arrojo. Na súa intervención referiuse á necesidade de recuperar a contía íntegra do soldo e das pagas extras que percibe este colectivo e cifrou en **55.000 euros a perda de poder adquisitivo acumulada desde 2010**, no caso dunha persoa pertencente ao corpo de Secundaria cunha antigüidade de 30 anos de servizo.



Baixo o lema **“Pola recuperación dos nosos dereitos”**, a CIG-Ensino acaba de lanzar unha campaña de recollida de sinaturas co obxectivo de reclamar a restitución dos dereitos laborais e salariais perdidos nos últimos anos e de reivindicar unha mellora nas condicións de traballo do profesorado galego. Ao longo deste segundo trimestre, delegados e delegadas da central nacionalista visitarán todos os centros educativos do País para

celebrar asembleas informativas e achegarlle ao profesorado os pregos de sinaturas que posteriormente lle serán entregados ao conselleiro de Educación e Cultura. A campaña, que tamén se pode apoiar dixitalmente a través da web do sindicato www.cig-ensino.gal, supón unha continuidade ao traballo realizado desde o inicio dos recortes, tanto en materia laboral como na loita contra a LOMCE.



Tamén clamou contra os descontos que penalizan a enfermidade e o aumento das tarefas burocráticas nos centros que fan que o profesorado non se poida centrar no traballo nas clases. Neste sentido, Bermello insistiu en que “a garantía da calidade educativa vén da man dunha **redución de rateos nas aulas**, que permita atender correctamente o alumnado, **a volta ás xornadas lectivas de 18 e 21 horas en secundaria e primaria** respectivamente, así como ofertas amplas de emprego que non esquezan a necesidade de estabilidade do persoal interino e que permitan cubrir as necesida-

des dos centros. Bermello fixo especial fincapé nas carencias existentes na atención á diversidade e ás necesidades específicas de apoio educativo. Neste sentido, lembrou que a CIG-Ensino vén de reclamar que a Consellaría oferte 256 prazas de PT e AL a maiores das que saen este ano no Concurso de Traslados de Primaria. Tamén indicou que hai máis de **1.200 docentes** funcionarios e funcionarias que están á espera de obter o seu primeiro destino definitivo -algúns levan máis de 10 anos en expectativa-, e que a proposta da CIG-Ensino vai na liña de diminuír esta temporalidade até

máximo os dous anos posteriores a aprobar a oposición. Por último, tamén se referiu á LOMCE, “unha lei máis propia do fraquismo que dun país democrático” que desvaloriza o traballo do profesorado e que quere impedir a xestión democrática dos centros educativos. Neste sentido, recalcou a necesidade de que se paralice a súa aplicación e que Galiza poida exercer as súas competencias para levar a cabo unha Lei Galega de Educación na que, entre outras cuestións, se protexa e impulse o uso do galego como lingua vehicular no ensino.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal